

04

Perfís lingüísticos da escrita  
instrumental posmedieval:  
presenza do galego en documentos  
notariais da primeira metade  
do século XVI do mosteiro de  
Santa Comba de Naves

Pedro Dono López  
Universidade do Minho

**Resumo\_** No tránsito da Idade Media á Moderna consúmase unha mudanza escriptolingüística na documentación notarial galega, onde o uso amplo e consistente da lingua propia do reino medieval de Galiza deixa paso ao romance castelán. No século XVI a maior parte dos textos xa se escriben na variedade lingüística centropeninsular (ou nunha modalidade híbrida de transición), emerxendo a pegada galega en forma de palabras illadas ou das fórmulas propias do rexistro notarial. Para esta aproximación á configuración lingüística dos textos notariais do quíñentos, partimos de documentación do mosteiro ourensán de Santa Comba de Naves, datada entre os anos 1500 e 1547. O corpus en análise está composto maioritariamente por documentos en castelán, pero inclúe igualmente mostras de textos en galego e aínda outros de adscrición lingüística dubidosa. O obxectivo do estudo é realizar unha abordaxe panorámica aos perfís lingüísticos dos textos seleccionados, mais prestando especial atención ás fórm(ul)as galegas presentes na produción en castelán.

**Palabras chave\_** documentos notariais galegos do século XVI; mosteiro de Santa Comba de Naves; galego e castelán.

**Sumario\_** 1. Introducción. 2. Caracterización e contextualización do corpus documental. 3. Configuración lingüística do corpus documental: textos en galego e híbridos. 4. Presenza do romance galego nos textos en castelán. 5. Conclusións. Referencias bibliográficas. Anexos.

### **Linguistic profile of post-medieval notarial writing: the presence of Galician language in notarial documents from the first half of the 16th century from the monastery of Santa Comba de Naves**

**Abstract\_** The transition from the Middle Ages to the Modern Age saw a change in the written language in Galician notarial documentation, where the use of the language of the medieval kingdom of Galicia gave way to Castilian Romance. In the 16th century, most of the texts were already written in Castilian (or in a hybrid transitional linguistic variety), with the Galician imprint emerging in the form of isolated words or the formulas used in the notarial register. This work has been based on documentation from the Ourense monastery of Santa Comba de Naves, dated between 1500 and 1547. The corpus analysed is mainly composed of documents in Castilian, but also includes samples of texts in Galician and even others of doubtful linguistic attribution. The aim of the study is to make a panoramic approach to the linguistic configuration of the selected texts, but paying special attention to the Galician forms present in the documents written in Castilian Romance.

**Key words\_** Galician notarial documents from the 16th century; monastery of Santa Comba de Naves; Galician and Castilian.

**Contents\_** 1. Introduction. 2. Characterisation and contextualisation of the textual corpus. 3. Linguistic configuration of the textual corpus: texts in Galician and hybrids. 4. Galician Romance in texts written in Spanish. 5. Conclusions. References. Appendix.

## 1.

**Introdución**

A atención dedicada nos últimos anos á documentación notarial, en canto fonte para o estudo da historia da lingua, vén producindo resultados importantes en termos de edición e, en menor medida, estudo da produción tabeliónica galega por parte de investigación. Hoxe en día dispoñemos de edicións coidadas, con frecuencia integradas en recursos dispoñibles online<sup>1</sup>, que permiten unha abordaxe lingüística dos documentos con garantías para coñecermos mellor os perfís (socio)lingüísticos do período. Menos interese ten suscitado entre os investigadores a documentación notarial do período posmedieval, máis alá de constatar, na viraxe do século XV para o XVI, o esvaecemento ata a desaparición da modalidade lingüística autóctona nos instrumentos públicos. Esta mudanza culmina un proceso de incorporación progresiva de trazos propios do romance central na documentación galega; non son escasos os estudos sobre o particular (Monteagudo, 1994: 178-181; Freixeiro Mato, 2010; Varela Barreiro & Pichel, 2016), asunto tamén abordado en compendios de historia da lingua (Monteagudo, 1999: 127-135; Mariño, 1998: 188-193; Freixeiro Mato, 2020: 48-54), atendendo preferentemente ao período final da Idade Media. Expresado de maneira moi sumaria, nestas achegas constátase a instalación do castelán na prosa notarial, amparado por un impulso político centralizador e acompañado pola ocupación dos altos cargos institucionais por parte de foráneos, proceso que se completa por volta do primeiro terzo do século.

Como xa se adiantou máis arriba, a documentación do século XVI ten recibido pouca atención por parte dos investigadores, situación á que non debe ser alleo, entre outros, o feito de que moi raramente teña sido obxecto de edición: dende o ámbito historiográfico a publicación de coleccións diplomáticas privilexia a transcripción da documentación medieval, desatendendo así a transcripción dos textos de Época Moderna<sup>2</sup>. Ao tempo, nas abordaxes desde o campo da filoloxía, a atención vírse prioritariamente para o estudo e recuperación da produción literaria do período<sup>3</sup>. É unha constante a ausencia de alusións á produción documental en galego do XVI: considérense, a título meramente exemplificativo, desde a aproximación máis recuada de Mariño (1991) sobre a “presencia” da lingua durante os Séculos Escuros ata a recente panorámica de Monteagudo (2020). É así que estes diplomas acostuman recibir atención xunto á produción propiamente medieval, en relación coa que tería un carácter continuísta e epigonal, desvinculados do período de decadencia do galego escrito<sup>4</sup>. Aínda que cronoloxicamente habería que vincularlos ao galego medio, parece haber consenso en interpretalos como derradeiras mostras da tradición escrita medieval do galego. Sexa como for, constitúen unha fonte de información (socio)lingüística valiosa para o período que non se poderá desconsiderar.

Conviría, neste sentido, comezarmos por deseñar o panorama lingüístico da documentación notarial galega no século XVI, para o que é de referencia a contribución de Lorenzo (2004). Considerando un enorme continxente documental, constata o seguinte:

- 1 Sen ánimo de exhaustividade, máis ben como mostra da diversidade de recursos dispoñibles, contamos co Gallaecia Monumenta Historica (GMH, <https://gmh.consellodacultura.gal/>), o Escritorio Galego-Portugués Antigo (EGPA, <https://corpora.uah.es/egpa/>) ou o Corpus informatizado Galego-Portugués Antigo (CGPA, <https://ilg.usc.gal/cgpa/>), aínda que neste último caso a produción textual contemplada non é exclusivamente a instrumental, pero si maioritaria (80% do volume textual).
- 2 Isto non quere dicir que sexan inexistentes as edicións de documentos neste período. Contamos mesmo con edicións de garantías, para quen pretende realizar unha aproximación lingüística, como é o caso da transcripción de dous textos en galego de 1502 e 1504 do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil da man de Paula Bouzas (2016: 473-479) e, principalmente, os perto de 70 documentos de Montederramo publicados por Lorenzo (2019: 2408-2529), datados entre 1502 e 1560.
- 3 Como acontece co Corpus Gondomar (<https://ilg.usc.gal/gondomar/>), que procura “reunir nun repositorio dixital toda a produción escrita en lingua galega ao longo dos séculos XVI, XVII e XVIII”, aínda que non de maneira exclusiva, pois tamén integra mostras de xéneros textuais como o epistolar.
- 4 Así o fai tamén Boullón (2018) na súa revisión das edicións dos textos medievais en prosa e dos Séculos Escuros.

a medida que avanza o século XVI, a presenza do galego vai diminuindo cada vez máis e chega un momento en que só aparece o castelán como lingua escrita. Non hai unha data determinada para a desaparición xeral e depende un pouco das persoas e das situacións. Un notario, un escriba, un monxe que entran no século XVI habituados a usa-lo galego, ségueno usando ata morreren; os que comezaron a educarse nos finais do XV usan xa exclusivamente o castelán. Podémolo ver na documentación de que dispoño, aínda que a pouco recomendable decisión de moitos editores de pór só un rexesto e non transcribir numerosos documentos do XV e do XVI nas súas edicións fai que, ás veces, non saibamos en que lingua están escritos e privánnos ó mesmo tempo de poder ve-las características lingüísticas e léxicas dos textos (Lorenzo, 2004: 67-68).

Con este pano de fondo, seméllanos consensual concluir que se no referente á Idade Media a documentación notarial ten tido un papel sobranceiro para a caracterización e evolución (socio)lingüística do reino de Galiza, como é facilmente constatable nos traballos máis arriba referidos, resulta rechamante que, en boa medida, quede excluída ese continxente documental dos repertorios textuais e estudos relacionados cos chamados Séculos Escuros. Esta contribución pretende realizar unha modesta achega que favoreza a incorporación da produción diplomática posmedieval, entre outros, aos estudos sobre a lingua no período<sup>5</sup>. Os obxectivos principais que procuramos aquí son, en primeiro lugar, establecer a configuración e adscrición lingüística dos textos, para logo observar, co foco xa posto nos textos en castelán, por unha parte, o grao de persistencia do galego nas fórmulas propias da escrita instrumental e, no plano léxico, as áreas terminolóxicas que presentan maior resistencia ao cambio escriptolingüístico<sup>6</sup>.

## 2.

### Caracterización e contextualización do corpus documental

Para a abordaxe dos perfís lingüísticos da documentación galega do século XVI, centraremos a nosa atención nun repertorio documental certamente reducido en relación co volume de textos conservados, polo que só se pode considerar como una mínima incursión neste ámbito<sup>7</sup>. O corpus que manexaremos está constituído fundamentalmente polos documentos quiñentistas en pergamiño do mosteiro ourensán de Santa Comba de Naves (SCN), partindo da edición que fixemos en Dono (2010: 634-698), un conxunto de 26 diplomas (cf. a caracterización constante do Anexo 1) datados entre os anos 1500 e 1547 (aínda que un deles só aparece como rexesto, dado o mal estado de conservación). A súa distribución cronolóxica polas diferentes décadas garda certa proporción, aínda que nos anos 20 e 40 a maioría están concentrados nun único ano e redactados polo mesmo notario (5 documentos de 1523 escritos polo notario real Francisco Suárez sobre un total de 7; 6 instrumentos de 1547 autorizados por Francisco Gómez, escribán do mosteiro de Celanova, para un total de 8). Para identificar a procedencia dos termos e segmentos extraídos desta documentación, utilizaremos unha referencia abreviada da cota arquivística, constituída pola sigla do depósito de procedencia, o Arquivo da Catedral de Ourense (ACO), e o número que teñen atribuído no seu Fondo Monástico.

Completamos o noso corpus con un outro pergamiño de Santa Comba, ata onde sabemos inédito, datado de 1532 e custodiado no Archivo de la Real Cancillería de Valladolid (editado no Anexo 2.2); aludimos a el coa referencia ARCV 100/2. Da documentación en papel da altura interesa considerar aínda un par de textos en galego outorgados ambos por frei Ares de Santa María, prior de Santa Comba na altura da anexión a Celanova.

5 Da potencialidade desta documentación como fonte para estudos (socio)lingüísticos do período, é elucidativo o que se di en Callón (2022: 56-60) e, no plano textual, o contributo de Álvarez e Xove (2013).

6 A presenza do léxico galego en documentación moderna é estudada na contribución de Campos Souto (2012) sobre protocolos notariais carballese do século XVIII.

7 Para unha abordaxe panorámica da incidencia do galego na escrita documental en castelán, véxase Tabernerero, Pichel & Enrique-Arias (2020: 179-185).

Un deles, de 1500 (ACO XdR), aparece editado como anexo a este traballo (v. Anexo 2.1); o outro, un “recebemento” de propiedades datado en 1505-1506 e procedente do Arquivo Histórico Provincial de Ourense (AHPO 9902/11), está transcrito en Dono López (2010: 723-726)<sup>8</sup>.

### 3.

#### Configuración lingüística dos documentos: textos en galego e híbridos

Á entrada do século XVI verifícanse mudanzas importantes no mosteiro de SCN e, en xeral, nos mosteiros bieitos galegos pola reforma “impulsada desde San Benito de Valladolid con el apoyo eficaz de los Reyes Católicos” (Duro Peña, 1977: 71)<sup>9</sup>. Para o noso priorado supón a integración no cenobio de Celanova e vén acompañada, no plano lingüístico, pola práctica substitución do romance autóctono polo castelán<sup>10</sup>, da man de abades que, a partir deste momento, habitualmente non serán galegos: os contratos outorgados polo mosteiro pasan a ser redactados no romance central, con algunha excepción nos primeiros anos do século. Algún deses documentos (cf. Anexo 2.1) mesmo constitúe unha fonte importante para documentar o conflictivo proceso de reforma do mosteiro (cf. Duro Peña, 1968: 164). Con todo, a aparición do castelán na documentación de SCN non é abrupta nin emerxe neste século. De acordo con Monteagudo (1993: 26), habería que falar de dúas fases na instalación do castelán en Galiza:

En realidade, o primeiro momento decisivo para a instalación do castelán no interior de Galicia foi a victoria dinástica dos Trastámara (a mediados do S. XIV), cos seus corolarios socio-políticos e culturais. No delongado proceso de introducción do castelán en Galicia, poderíamos distinguir dúas fases iniciais: a primeira, que enche aproximadamente os séculos XV e XVI, a segunda ocupa máis ou menos os séculos XVII e XVIII.

Apuntamos a seguir e con brevidade os trazos que deixa na escrita instrumental catrocentista de SCN a presión do romance centropeninsular<sup>11</sup>, que se manifesta primeiramente no plano léxico: atopamos formas nos documentos en galego coincidentes coas centropeninsulares que acabarán por substituír ás patrimoniais. En termos moi xerais, estas formas interferidas comezan a documentarse (lembramos que sempre falamos da documentación de Santa Comba) na primeira metade do século XV, sobre todo no segundo cuartel, e desprazan progresivamente as solucións patrimoniais ata a práctica desaparición absoluta destas no final da centuria: en lugar do *arçidiago* aparece o *arçediano*, *testemoya* e variantes van deixando o lugar progresivamente a *testigo*, o *cabidoo* é substituído polo *cabildo*. Aínda que a progresión das formas castelás avanza con ritmos diferentes en cada caso, o exemplo das variantes medievais do actual *testemuña* é elucidativo deste fenómeno. As atestacións da colección diplomática de SCN mostran como as variantes tipo *testemoya* (Dono López, 2011: 216-217) son hexemónicas no inicio do século XV, con algún exemplo illado de *testigo*, para no segundo cuartel da centuria xurdir con forza nos diplomas, impoñerse no terceiro e facer desaparecer as formas patrimoniais no final do século. A interferencia castelá non se limita ao préstamo léxico, pois co tempo acaba por afectar

8 Aínda que non deixen rastro en forma de cita, queremos deixar constancia de que, para a preparación deste traballo, foron tamén realizadas múltiples consultas en documentos editados nos seguintes corpora incluídos na bibliografía: CGPA, CHARTA, CODEA+ 2022, CORDE, EGPA, GMH e Gondomar.

9 Véxase, neste sentido, Duro Peña (1968: 161-165), cuxa exposición se asume en boa media na monografía sobre o mosteiro da responsabilidade de Pousa Diéguez (2019: 37-40).

10 Constata Ramón Lorenzo (2004: 68), en relación coa presenza do romance autóctono nos fondos documentais de diferentes institucións galegas, que “nalgúns lugares a produción en galego non pasa de finais do século XV, noutros chega á primeira década do XVI, noutros á segunda, noutros ata 1528, 1529 ou 1532 e mesmo, ocasionalmente, ata 1553, 1591 ou 1596”.

11 Sintetizamos aquí o que en Dono López (2011: 213-225) se expuxo con máis vagar e tamén abordamos sucintamente en Dono López (2010: 55-56). Para o castelanismo na documentación instrumental non podemos deixar de lembrar a contribución de Maia (1997: esp. 897-905).

a elementos estruturais da lingua, como acontece cos artigos definidos e pronomes átonos. Os exemplos seguintes<sup>12</sup>, datados todos eles de 1495 e tirados de Dono López (2021), proceden de documentación do notario real García Fernández de Rendal, que autoriza diplomas para SCN entre 1495 e 1499<sup>13</sup>.

e non **lo** querendo nós porlo justo preçio, enton **lo** vendede ou dejtade (p. 793)

a todo **lo** sobredito presente foy en vn con os ditos testigos (p. 794)

o dito mōosteiro e priores del **lo** rreçivan por sua abtorjidade (p. 796)

e ovrgo mjña persona e vées [...] de poer o dito souto de vjna enno dito tenpo [...] e de a labrar e rreparar e dar e pagar todo **lo** sobredito (p. 801)

E se fordes engratos vós ou vosas vozes contra nós ou contra o dito noso mōosteiro, que pergades por ende o dito foro e nós e os priores del, sen voso envargo, **lo** posamos rreçever (p. 801)

Reparemos agora en que medida os escasos textos de SCN en galego no século XVI<sup>14</sup>, que non van máis alá de 1513, dan continuidade á situación que acabamos de presentar. Cabería comezar por dicir que os perfís lingüísticos de cada un dos textos é moi diverso. Así, non deparamos, como era esperable, con diferenzas relevantes no caso de textos outorgados por notarios que xa autorizaban negocios para o mosteiro no século anterior. En AHPO 9902/11 (1505)<sup>15</sup> o referido García Fernández de Rendal emprega formas castelás do artigo e o pronome análogas ás que se detectan nos exemplos de máis arriba<sup>16</sup>.

estando este dito dia enno lugar onde dizen **la** Torre de Rrouçoos **el** rreverendo padre señor don Ares de Santa Maria, prior do mōosteiro de Santa Coonba de Naves e en nome **del** señor presjidente de Çelanova (1.3-7)

[estas herdades e lugares] mojtas vezes **las** rreçeveran el e seus anteçesores e leeran sobre elo cartas d'escom[u]jon, que os sovreditos e outras personas **los** non querian dar nen leixar (1.23-25)

Como trazo innovador no plano que estamos a abordar, este texto presenta alternancia entre solucións patrimoniais e do romance castelán en casos como *nonbrado/s* (2.9,12; 3.7) e *nome* (1.6,7,29, 44; 2.4; 3.4,23), *defensión/defensjón* (1.35, 2.15) e *posjsón* (3.15), que non detectamos nos documentos do século XV de Fernández de Rendal.

Noutros documentos en galego a incidencia do romance central é moito máis marcada. En ACO 5453 mesmo comeza a redacción en castelán, pero logo na parte dispositiva xa utiliza fundamentalmente o galego. Só na validación, que reproducimos a seguir, volve ter protagonismo o castelán<sup>17</sup>:

- 12 Na exemplificación utilizada neste traballo retiramos, entre outros aspectos, as cursivas marcadoras de desenvolvementos de abreviaturas e, en boa medida, a acentuación (salvo a diacrítica) en relación á edición da que proceden.
- 13 Evitamos as ocorrencias que xorden en contextos en que poderían ser interpretadas como o que hoxe designamos "segunda forma do artigo".
- 14 Cf. ACO XdR (1500), ACO 5453 (1502), AHPO 9902/11 (1505), ACO 5663 (1512), ACO 5697 (1513).
- 15 Este documento rexistra tres actos diferentes. Para a localización dos fragmentos e termos citados aludimos ao número do documento e a(s) liña(s) onde se encontran.
- 16 Repárese no paralelismo co documento ACO XdR (cf. Anexo 2.1): "prior do mosteyro de Santa Coonba de Naves de **la** ordêe de Sant Benito de **la** diocese d'Ourense" (l. 5-6); "protestaua sua justica e dereyto ficar a saluo et **lo** reclamaua" (l. 26-27).
- 17 É unha práctica que xa se documenta en SCN na segunda metade do século: o segmento final dos diplomas, a subscripción ou validación notarial, escrita en castelán en contraste co resto do texto. Non se trata, con todo, dunha práctica xeneralizada, pois nun principio aparece en escribáns non galegos e, principalmente, nos notarios reais (fronte aos notarios da cidade de Ourense ou do mosteiro).

Eu, Antonjo Peres, notario publico jurado enno mosteiro de Çelanoba con sus tierras e señorios porlo rreuerendo padre frey Vernaldjno de la Torre, presydenste del dicho mosteiro e monjes e conbento del, a todo lo sobre dicho presente foy en vno con los dichos testigos et lo escripuy segundo que porante mjn pasó, por ende poño aqui mj signo e nonbre en testimonjo de verdad, que tal es.

O elevado grao de interferencia coloca algúns destes textos moi próximos do carácter híbrido que atribuímos a un par de documentos deste período. Constátase que xa estamos nun estadio de transición entre a antiga e a nova escrita, con unha castellanización moito máis notoria nos documentos máis recentes. Nun deles, de 1512 (ACO 5663), se reparamos na redacción da cláusula penal, é patente a flutuación entre os antigos e os novos usos lingüístico-diplomáticos.

Et es puesto et otorgado entre as dytas partes que qualquer de vós que contra ho susodyto fuere o pasare e sy no conpljre ho gardare, que peyte a la parte aguardante por nome de pena mjll morauidis vellos e a voz del rrey otros tantos peyte; et a dyta pena paga ou non, esta carta e as cousas en ela contenjdas fiquen firmes e valederas durante o djto tienpo e vazes.

Sirva de contraste o que acontece en textos máis antigos, como no exemplo seguinte de 1502 (ACO 5453), onde a compoñente castelá é moito máis tenue.

Et quen este preyto [britar, peyte] á parte aguardante por nome de pena e pusturia mjll morauidis vellos e á vós del rrey outros tantos; et a pena pagada ou non pagada, todavya [esta] carta e o en ela contenjdo fique firme e valla en seu tenpo e rrebor.

Na documentación en galego deste período obsérvanse, ademais, prácticas inauditas ata ese momento, como acontece en ACO 5663 coa castellanización da onomástica (*Otariz* por *Outariz*), ocasionalmente en alternancia coa forma galega (*Manuel da Quarrera, Mayor da Quarrera* ao lado de *Manuel da Quarreyra*).

Un paso máis no proceso de substitución escriptolingüística estaría representado polos documentos que chamamos híbridos<sup>18</sup>. Un fragmento dun texto de 1513 (ACO 5691) pode ser ilustrativo do perfil lingüístico do diploma. Téñase en conta que seleccionamos o segmento onde o galego emerxe con máis forza, mais a alternancia entre formas autóctonas e castelás é constante en todo o texto.

Conven a saber, que vos aforamos os nosos lugares de Cachomane e de Pousada e da Rraña e do Paçio segundo que vós, el dicho Alonso Carnero, los [tragedes a jur] e a mãao marcados, con todas suas casas e herdades brauas et mansas, prados, sotos e cortiñas, prados e pascos, con todas suas entradas e salidas, jures e derechos e perteneçias, por dond[e] quer que las aja e deba de aver de derecho, con condiçion que sejades nuestros vasallos serventes e ovedientes et tenades las casas de los dichos lugares vjen corregidas e bien rreparadas e las herdades bien rrepar[a]das, en manera que se non [percan] por mjngo de labor e de boo paramjento.

Para alén da alternancia e mestura de códigos, chama a atención tamén nos documentos que presentan esta escrita de transición a ocorrencia de formas híbridas, caso de *vontad*, *heredeyros*, *heredey*, *donaçon* ou *qualesquera*, testemuñadas nun documento de 1511 (ACO 5652).

18 Na segunda metade do século XV xa encontramos textos de difícil adscripción idiomática en SCN, pero as circunstancias e motivacións da produción son, no noso entender, exactamente as contrarias: débense a un esforzo de acomodación, por parte de notarios non galegos, aos usos diplomáticos e escriptolingüísticos do reino de Galiza. Sería o caso do notario real Pedro de Jaén, que autoriza un documento en 1469 que consideramos híbrido (cf. Dono López, 2021: 667-669).



## 4.

**Presenza do romance galego nos textos en castelán**

Nos documentos en romance castelán son patentes aínda as pegadas dos antigos usos escriptolingüísticos, mais tamén é certo que eses ecos se van apagando conforme avanzamos cara aos textos máis recentes. Este residuo galego maniféstase principalmente en forma de palabras illadas, aínda que tamén se detectan situacións propicias, como nas expresións formularias ou nos segmentos do texto en que se delimitan e identifican as propiedades obxecto do negocio, para unha ocorrencia máis consistente de termos en galego. Para sustentar o que acabamos de afirmar, focamos a nosa atención nos documentos outorgados polo notario real Francisco Suárez, do que conservamos un relativamente extenso repertorio textual (catro diplomas do ano 1523 e un de 1528; cf. Anexo 1). Nos documentos de 1523, ademais de aparecer recorrentemente o galego nas designacións de tributos (loitosa), moedas (*marauedís vellos*), nomes de meses (nobenbro) ou numerais (vinte, trinta; terceira, oytaba), a resistencia da lingua propia do reino destaca especialmente nos adxectivos posesivos e na morfoloxía verbal. O elenco de formas verbais galegas constitúen un repertorio relativamente reducido que se repite en (case) cada un dos textos: *bay* (verbo *ir*), *biron* (verbo *ver*), *dou*, *fose/n*, *perca/n*, *posa*, *toberdes* (verbo *ter*); do verbo *querer* aparecen *quer*<sup>19</sup>, *qujser/qujserdes* e *querendo*; *seja/n* e *sendo* do verbo *ser*. Outras formas só ocorren puntualmente: *aja* (ACO 5821), *bén* (verbo *vir*, ACO 5824), *conplirdes* (ACO 5821), *feren* (ACO 5823). Os testemuños do posesivo xorden igualmente con relativa frecuencia.

vosas mulleres; o noso lugar; voso padre; vosas vidas y vosas voces; vós y vosas voces; por sua propia avtoridad; en mjña presençia (ACO 5821)

vosa muller; vosas vidas; a nosa heredade; vosas voces en vosas vidas; en seu tienpo; [e]n mjna presençia (ACO 5822)

con seu monte; vosas voces (ACO 5823).

vosa criada; vosas vidas; todas suas casas; en myña presençia (ACO 5824).

Do mesmo xeito, detéctase o que poderíamos denominar como castelanización incompleta das fórmulas e locucións propias do rexistro notarial. Velaquí os exemplos colectados en Francisco Suárez, que acollen tamén formas verbais e posesivos como as acabadas de comentar.

a jur y a mao (ACO 5821); a montes y a fontes (ACO 5821); por donde quer que las aja (ACO 5821, 5823, 5824); no se desfalesca por mengoa de bon labor (ACO 5821) / como no se perca por mjngo de bon labor (ACO 5822) / como se non percan por mjngo de bon labor (ACO 5823) / como no se perca por mengoa de bon labor (ACO 5824); a tal presona que sea semellable de vós (ACO 5821) / a tal presona que seja semellable de vós (ACO 5822, 5823, 5824); lo mejor moble que toberdes (ACO 5821, 5822, 5823, 5824); si bós ou vosas voces qujserdes vender, deitar, donar o enpenar (ACO 5822) / sy vós ou vosas voces qujserdes vender, deitar, donar o enpenar (ACO 5823) / si qujserdes vender; deitar; donar o enpeñar o por la alma dar (ACO 5824); que no sejan de mayor grao de linajen que vós (ACO 5823); que no sejan de mayor grao de linajen que vós (ACO 5824)

O dinamismo desta situación, no sentido da depuración progresiva do elemento galego, é palpable se contrastamos os datos anteriores co que mostra o texto de 1528 (ACO 5876) do devandito notario para as mesmas situacións.

19 Ocorre igualmente nos indefinidos *qujenquer e qualquer*.



**Morfoloxía verbal:** abendo, chaman, dou; posa; quiser; seja / sejades; vendo.

**Adxectivo posesivo:** en mjña presenza.

**Locucións:** a montes y a fontes; como non se desfalecan por mjngua de labor y de bon paramento; a tal persoa que seja semeiante de vós; a la morte de la tal postrimera voz.

O elemento galego aparece concentrado particularmente na identificación e delimitación de propiedades, como xa se dixo máis arriba. Velaquí dous exemplos tirados da documentación en análise.

Conviene a saber; que vos aforamos el tarrão de Mjnforte con sus vinas que están feitas en él y con seu monte; segundo está amurado sobre sí; que seran trinta cabaduras de monte y de vina; segundo parte con otra viña de Lopo do Varreo y en çima entestan no camjño d'Ourense y en baxo feren no Poco Meymon y de la otra parte con heredad de Gonçalo Martiz. Y más vos aforamos o vaçelo do Souto con seu monte; que seran de monte y de vina seis cavaduras poco más o menos; segundo parte con la vina vella da Mouteira y por la Fonte Vella y de la otra parte con el souto de Pero Gomez. Yten más vos aforamos el tarrão dos Carvallos da Rretorta; que sera para fazer tres cabaduras de vina poco más o menos; segundo parte con la vina de Gonçalo de Nabes y da otra parte con el tarreo de Alvaro de Vntes (ACO 5823).

Conviene a saber; que vos aforamos el lugar de Mjnforte; como parte con las vinas de Mjnforte que son dos de Barreo y d'ali como bèn topar na bina que ten amurada Juan da Vila na Portela; y segun que bay por el camjño que bay para Santa Conba y topa nos Canpelinos; y asy como bay por su O Tufo y bay topar nas Lanpaças; y como bay por el Rrigeiriño fasta topar no camjño rreal que bay para Horensen y d'alli fasta topar en el monte de Gonçalo Gayo (ACO 5824).

Se atendemos agora á documentación máis recente, de 1543 a 1547, esta presenza de termos e segmentos en galego redúcese practicamente a termos puntuais e topónimos<sup>20</sup>, confinados, como xa se dixo por varias veces, á delimitación e identificación de propiedades, onde, por certo, abundan.

Y dentro deste dicho lugar estan las propiedades y casas segujentes: tiene dos casas de morada; dos çeleiros y quatro o çinco cortes de ganado; dos palleiros; vn forno; vna ayra; más vna cortina qu'está de vina con sus arvores; que sera media fanega de semente; con vn eyxido que sera vn çelemjn de semente; con las figeiras que en él estan; con más tres hortas que llevarán vn çelemjn de semente; con dos nugeiras y tres o quatro çerdeiras; con más treynta pies de castineros buenos y malos (1547 ACO 6004).

Dentro destas dichas demarcaciones estan las propiedades seguintes: juntamente con las dichas casas, tiene el dicho lugar vna eyra y qujnze çerdeyras y çinco figeyras y qujnze maçeyras, sesenta pies de casteñeros que haran dos fanegas de semente y vna horta que hara vn coarto de semente, más vna fanega y media de heredad para senbrar navos; más otra heredad que se dize el Agro d'Outeyro, que sera seys fanegas de senbradura; con más otra heredad que se dize dos Alvaredos, que sera vna fanega de senbradura, y más otra heredad de Tanjesinos que llevará vna fanega de semente; con más otra heredad que se dize de Rio de Vouças, que serán çinco almudes de semente; con más las heredades de Corneda y Agro da Golpelleyra que seran seys fanegas de semente; con más tres lameyros que llevarán fanega y media de semente; con más tres fanegas de monte que no son para labrar (1547 ACO 6000).

20 Con algún resto, é certo, das antigas locucións. Nun pergamiño de 1544 (ACO 5987) deparamos con redaccións como as seguintes: "no se pierdan los frutos [...] por mjngo de bon labor"; "la qual nobidad colleredes por ollo de nuestro mayordomo"; "obligamos os vees do dito nuestro anexo".

Consecuentemente, os termos en galego presentes nesta parte dos documentos vanse agrupar en áreas léxicas moi definidas, como os que aparecen recollidos a seguir<sup>21</sup>.

**Construcións:** adegas (ACO, 5987), çeleyro/s (ACO 6000, 6001, 6003), cortellos (ACO 6002), forno (ACO 6004), palleiro (ACO 6003) / palleiros (ACO 6004), pardineiros (ACO 6983), tulla (ACO 6000, 6001, 6002, 6003, 6004, 6005).

**Tipos de herdades:** ayra (ACO 6002, 6004) / eyra (ACO 6000, 6005) / heyras (ACO 6003), carvalleyra (ACO 6000, 6003) / carballeyra (ACO 6005) / carbaleira (ACO 6001), cortina/s (ACO 5983, 6004, 6005) / cortiña (ACO 6000), debesa (ACO 6001) / devesa (ACO 6003, 6004), eyxido (ACO 6004) / enxido (ACO 6003), horta/s (ACO 6000, 6001, 6003, 6004, 6005), lameyro (ACO 6000, 6003) / lameiro (ACO 6001, 6002, 6005), leyra (ACO 6000, 6001, 6003, 6005) / leira (ACO 6001, 6002, 6004, 6005), tarreo (ACO 5823).

**Designacións de árbores:** carballos (ACO 6001) / carvallos (ACO 6003), castañeyros (ACO 6003) / castineiros (ACO 6002), çerdeiras (ACO 6004) / çerdeyras (ACO 6000, 6005), figeyras (ACO 6000), maçeyras (ACO 6000, 6005), nugeiras (ACO 6004), pereyra (ACO 6003).

Ademais de detectarmos palabras e locucións en galego como as que foron expostas, no conxunto da documentación en castelán tamén se rexistran formas híbridas galego-castelás, que resultan da acomodación dos termos galegos á morfoloxía do romance central. Son testemuño deste fenómeno as atestacións seguintes: *navera* (1522 ACO 5810), *deitada* (1523 ACO 5821, 5824; 1547 ACO 6004), *lamero* (1528 ACO 5876, 1547 ACO 6002); *postrumero*, *riguero*, *nobidad* (1544 ACO 5987); *castineros* (1547 ACO 6004) / *castiñeros* (1547 ACO 6004, 6005) / *castyneros* (1547 ACO 6001), *casteñeros* (1547 ACO 6000), *nugueras* (1547 ACO 6002), *perera* (1547 ACO 6001), *bidera* (1547 ACO 6001) / *videra* (1547 ACO 6001), *çelero* (1547 ACO 6002), *lamero* (1547 ACO 6002).

Pechamos esta revisión panorámica centrando a atención no continxente onomástico presente nos documentos, onde a tradución ou adaptación ao castelán entendemos que non é demasiado significativa: a mudanza de lingua no rexistro dos negocios preserva normalmente a forma tradicional de topónimos e antropónimos. Son exemplo de castelanización os casos de *Gotierre* (1523 ACO, 5822, 5823), *Carreras* (1528 ACO 5876), *EL Llano* (1532 ARCV), [Lopo de] *Casanueva* (1544 ACO 5987), tamén o da acomodación morfolóxica de *Pitero* (1528 ACO 5876). Con todo, en casos como o de *Ourense*, que aparece con certa frecuencia en relación ao volume textual contemplado, con algunha ocorrencia en galego (1523 ACO 5823), está consolidada a forma en castelán<sup>22</sup>. A flutuación entre galego e castelán, mesmo a hibridación (véxase a última liña dos exemplos), tan característicos destes documentos, reflíctense tamén no apartado onomástico<sup>23</sup>.

**Pero da Manta** (1520 ACO 5778) | **Pedro de la Manta** (1522 ACO 5810)

[monasterio de] **Ribeyra** (1520 ACO 5778, 1523 ACO 5821) | [monasterio de] **Rivera** (1522 ACO 5810) / **Ribera** (1523 ACO 5822, 5823, 5824; 1528 ACO 5876)

**Santisteban** [de Untes] (1523 ACO 5821) | **Santo Estevo** [de Untes] (1528 ACO 5876)

- 21 Sobre a exemplificación importa ter en conta un par de precisións. Por unha parte, non se rexistran os casos en que interpretamos os termos como (parte de) topónimos (cf. Cortiña da Carreyra, Agro da Devesa Nova, Lameyro Novo, As Çerdeyras, etc.), sendo ocasionalmente esa interpretación dubidosa. Pola outra, incluímos formas como *pardineiros*, *cortina/s* ou *castineiros* entendendo que, de acordo cos usos gráficos da época, cabería interpretarse un valor palatal para a nasal.
- 22 Para os casos de Ourense, Soutelo ou Outeiro, en relación coa castelanización da toponimia no período medieval, véxase Doval Iglesias & Hermo (2016: 182-188).
- 23 Certas variantes dos manuscritos parecen apuntar máis ben a un descoñecemento e/ou mala interpretación das formas galegas: en 1500 (ACO 5421) aparece escrito *Tovryz* para *Outariz*, *Lope d'Erey* ou *de Rey* para *Lopo de Eiré* (en 1504, ACO 5489, o mesmo notario xa escribe *Lopo d'Eyre*).

**Sotelo** (1528 ACO 5876) | **Soutelo** (1528 ACO 5876)

**Alonso** [Rojes] (1543 ACO 5983) | **Afonso** [Rojes] (1544 ACO 5987)

**Louredo** (1502 ACO 5453, 1543 ACO 5983; 1547 ACO 6000, 6004) | **Loredo** (1547 ACO 6000, 6001, 6003, 6004, 6005)

**Outeyro** (1520 ACO 5778, 1528 ACO 5876; 1547 ACO 6000, 6003) / **Ovteyro** (1544 ACO 5987, 1547 ACO 6001) | **Otero** (1547 ACO 6000, 6005, 6002, 6004) / **Hotero** (1547 ACO 6001)

[Agro d']**Ovtero** (1547 ACO 6005), **Forno Tellerro** (1547 ACO 6004), [Hotero d']**Agujera** (1547 ACO 6002)

## 5.

### Conclusións

No inicio desta contribución estableceuse como un dos obxectivos a definición das variedades lingüísticas utilizadas na documentación galega do período moderno. Os exemplares contemplados neste estudo poñen de manifesto que, para alén de constatarse a ruptura na tradición de escrita monástica en galego por mor da reforma beneditina, perviven mostras de textos en galego que, por unha parte, proceden de notarios non monásticos (García Fernández de Rendal) que manteñen os usos lingüísticos medievais e, por outra, presentan sinais evidentes de tratarse de textos de transición entre dúas variedades lingüísticas, nun proceso de substitución do que os documentos etiquetados como híbridos testemuñan un estadio máis avanzado.

Outra das pretensións deste traballo era atender ao “residuo” que deixa o galego instrumental no conxunto diplomático en castelán. Evidénciase que nos textos máis antigos permanece un rastro das fórmulas e locucións en galego, a miúdo parcialmente castelanizadas. Tamén se advirte a permanencia de trazos da lingua que van máis alá do léxico, como é o caso da morfoloxía verbal ou o adxectivo posesivo. Xa nos documentos máis recentes, os galeguismos aparecen reducidos aos préstamos en determinadas áreas léxicas, concentrados na parte do diploma en que se aborda a identificación e delimitación das propiedades e bens obxecto do negocio que se escritura.

Será escusado aludir á provisionalidade destas conclusións dado o reducido corpus contemplado. En calquera caso, entendemos que permiten evidenciar a pertinencia de que un patrimonio textual como o aquí abordado deba integrar e ser contemplado mesmo como parte da produción escrita dos Séculos Escuros. Como xa se comentou, polo menos no caso dos textos en galego, tería un carácter epigonal e continuador da escrita instrumental do período propiamente medieval. Entendemos, no entanto, que polos datos que nos transmiten deberán merecer atención nas abordaxes lingüísticas entre as fontes do galego medio.

## Referencias bibliográficas

- Álvarez Blanco, Rosario, & Xove Ferreiro, Xosé (2013). "Cartas que cruzan o Miño. Correspondencia con don Pedro Álvarez V de Soutomaior, falsificador (1527)". En Álvarez Blanco, Rosario, Martins, Ana Maria, Monteagudo, Henrique, & Ramos, Maria Ana (eds.), *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*, 29-55. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. Dispoñíbel en <http://hdl.handle.net/10347/9484> (Consultado en 05.11.2024).
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2018). "A edición de textos en Galicia (da Idade Media aos Séculos Escuros)", *Labor-Histórico*, 3/1, 76-92. DOI: <https://doi.org/10.24206/lh.v3i1.17108>.
- Bouzas Rosende, Paula (2016). *Documentos galegos do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (século xv)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Dispoñíbel en <https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4346> (Consultado en 05.11.2024).
- Callón, Carlos (2022). *O libro negro da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Campos Souto, Mar (2012). "Voces gallegas (o no) en protocolos notariales del siglo XVIII: distrito de Carballo", *Cuadernos del Instituto de Historia de la Lengua*, 7, 89-124. DOI: <https://doi.org/10.58576/cilengua.vi7.105>.
- CGPA = Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-): *Corpus informatizado Galego-Portugués Antigo*. Instituto da Lingua Galega. <https://ilg.usc.gal/cgpa/> (Consultado en 25.04.2024).
- CHARTA = *Corpus Hispánico y Americano en la Red: Textos Antiguos (CHARTA)*. Red Charta. [www.corpuscharta.es](http://www.corpuscharta.es) (Consultado en 20.05.2024).
- CODEA+ 2022 = Grupo de Investigación Textos para la Historia del Español [GITHE]: *CODEA+ 2022 (Corpus de documentos españoles anteriores a 1900)*. DOI: <https://corpustodea.es/> (Consultado em 20.05.2024).
- CORDE = *Corpus diacrónico del español*. Real Academia Española. <https://www.rae.es/banco-de-datos/corde> (Consultado en 25.04.2024).
- Dono López, Pedro (2010). *Colección de documentos en pergamino do mosteiro de Santa Comba de Naves. Introducción, edición e índices*. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela. Dispoñíbel en <http://hdl.handle.net/10347/2868> (Consultado en 25.04.2024).
- Dono López, Pedro (2011). "Contacto de linguas na Idade Media: galego e castelán na documentación notarial do mosteiro de Santa Comba de Naves (Ourense, Galiza)". En Flores, Cristina (org.), *Múltiplos olhares sobre o bilinguismo*, 209-228. Famalicão: Húmus. Dispoñíbel en <https://hdl.handle.net/1822/15457> (Consultado en 25.04.2024).
- Dono López, Pedro (2021). *Colección diplomática do mosteiro de Santa Comba de Naves. Documentos en pergamino*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Dispoñíbel en <https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4444> (Consultado en 25.04.2024).
- Doval Iglesias, Lucía, & Hermo González, Gonzalo (2016). "A castelanización da toponimia na documentación instrumental galega da Idade Media". En Mariño Paz, Ramón, & Varela Barreiro, Xavier (eds.), *A lingua galega no solpor medieval*, 179-194. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Dispoñíbel en <https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4288> (Consultado en 25.04.2024).

Duro Peña, Emilio (1968). "El monasterio de Santa Comba de Naves", *Anuario de estudios medievales*, 5, 137-179.

Duro Peña, Emilio (1977). *El monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".

EGPA = Pichel, Ricardo, & García-Fernández, Miguel (coords.). *Escritorio Galego-Portugués Antigo*. <https://corpora.uah.es/egpa/> (Consultado en 17.05.2024).

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2010). "Lingua e poder político na Galiza e en Portugal durante a Baixa Idade Media". En Maleval, M<sup>a</sup> Amparo Tavares, & Tato Fontaiña, Laura (eds.), *Estudos Galego-Brasileiros 4*, 151-181. A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña. Dispoñíbel en <http://hdl.handle.net/2183/29105> (Consultado en 25.04.2024).

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2020) [1997]. *Lingua galega: normalidade e conflito*. Santiago de Compostela: Laiovento.

GMH = *Gallaecia Monumenta Historica*. Consello da Cultura Galega. <https://gmh.consellodacultura.gal/> (Consultado en 17/05/2024).

Gondomar = Álvarez, Rosario, & González Seoane, Ernesto (eds.) (2017). *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Dispoñíbel en <https://ilg.usc.gal/gondomar/> (Consultado en 23.04.2024).

Lorenzo, Ramón (2004). "Emerxencia e decadencia do galego escrito (séculos XIII-XVI)". En Álvarez, Rosario, Fernández Rei, Francisco, & Santamarina, Antón (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade*, Vol. 3, 27-153. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega. Dispoñíbel en <http://hdl.handle.net/10347/9897> (Consultado en 17/05/2024).

Lorenzo, Ramón (coa colaboración de Maka Pérez) (2019). *Mosteiro de Montederramo. Colección documental e índices*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Dispoñíbel en <https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4340> (Consultado en 17/05/2024).

Maia, Clarinda de Azevedo (1997). *História do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)* (Reimpressão da edición do INIC, 1986). Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian / Junta Nacional de Investigação Científica e Tecnológica.

Mariño Paz, Ramón (1991). "Presencia do galego na sociedade galega durante os séculos XVI, XVII e XVIII", *Grial*, 110, 263-274.

Mariño Paz, Ramón (1998). *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións.

Monteagudo Romero, Henrique (1993). "A lingua galega no século XVI". En Díaz Fernández, Pedro (coord.), *Fraí Antonio de Guevara e a cultura do Renacemento en Galicia*, 25-39. Lugo: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo.

Monteagudo Romero, Henrique (1994). "Aspectos sociolingüísticos do uso escrito do galego, o castelán e o latín na Galicia tardomedieval (ss. XIII-XV)". En Fidalgo, Elvira, & Lorenzo Gradín, Pilar (coords.), *Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani*, 169-185. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.

Monteagudo Romero, Henrique (1999). *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Monteagudo Romero, Henrique (2020). "Panorama sociolingüístico de Galicia na Idade Moderna. O idioma galego durante os séculos XVI, XVII e XVIII". En Álvarez, Rosario, & González Seoane, Ernesto (eds.), *Calen barbas, falen cartas. A escrita en galego na Idade Moderna*, 75-115. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Dispoñíbel en <https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4373> (Consultado en 17/05/2024).

Pousa Diéguez, Rodrigo (2019). *El señorío de Santa Comba de Naves*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense.

Tabernerero, Cristina, Pichel, Ricardo, & Enrique-Arias, Andrés (2020). "El español en contacto con otras lenguas peninsulares: los corpus diacrónicos de Galicia, Navarra y Mallorca", *Estudios de Lingüística del Español*, 42, 177-217. Dispoñíbel en <https://infoling.org/elies/42/elies42-8.pdf> (Consultado en 17.05.2024).

Varela Barreiro, Xavier, & Pichel, Ricardo (2016). "Galego-portugués e castelán na Galiza do século XV. Retrincos significativos na documentación xudicial da Colección da Catedral de Lugo". En Mariño Paz, Ramón, & Varela Barreiro, Xavier (eds.), *A lingua galega no solpor medieval*, 97-120. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Dispoñíbel en <https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4288> (Consultado en 17.05.2024).

**Anexo 1****Corpus documental editado en Dono López (2010)**

<b>Data</b>	<b>Referencia de arquivo</b>	<b>Outorgante</b>	<b>Notario</b>	<b>Lingua</b>	<b>CD</b>
1500	ACO 5421	Presidente de Celanova	Juan Morales	Castelán	267
1502	ACO 5453	Presidente de Celanova	Antonio Pérez	Galego	268
1503	ACO 5479	Presidente de Celanova	Juan Morales	Castelán	269
1504	ACO 5489	Presidente de Celanova	Juan Morales	Castelán	270
1507 <sup>24</sup>	ACO 5566	Presidente de Celanova	Juan Morales	Híbrido	271
1511	ACO 5652	Veciño de Santo André do Castro	Rodrigo de Ribeira	Híbrido	272
1511	ACO 6208	Abade de Celanova	Álvaro [...]	Castelán	273
1512 <sup>25</sup>	ACO 5663	Prior de Santa Comba	Ares de Lobaces	Galego	274
1513	ACO 5691	Prior de Santa Comba	Diego de Traspensas	Híbrido	275
1513	ACO 5697	Rexedor de Ourense	Juan de Cusanca	Galego	276
1515	ACO 5709	Apoderado do conde de Ribadavia	Ilexible	Castelán	277 [Rexesto]
1520	ACO 5778	Abade de Celanova	Álvaro Martínez	Castelán	278
1522	ACO 5810	Abade de Celanova	Vasco Fernández	Castelán	279
1523	ACO 5821	Abade de Celanova	Francisco Suárez	Castelán	280
1523	ACO 5822	Abade de Celanova	Francisco Suárez	Castelán	281
1523	ACO 5823	Abade de Celanova	Francisco Suárez	Castelán	282
1523	ACO 5824	Abade de Celanova	Francisco Suárez	Castelán	283
1528	ACO 5876	Abade de Celanova	Francisco Suárez	Castelán	284
1543	ACO 5983	Veciña e veciño de Ourense	Xácome Fernández Vicente	Castelán	285
1544	ACO 5987	Abade de Celanova	Ilexible	Castelán	286
1547	ACO 6000	Prior maior de Celanova	Francisco Gómez	Castelán	287
1547	ACO 6005	Prior maior de Celanova	Francisco Gómez	Castelán	288
1547	ACO 6001	Prior maior de Celanova	Francisco Gómez	Castelán	289
1547	ACO 6003	Prior maior de Celanova	Francisco Gómez	Castelán	290
1547	ACO 6002	Prior maior de Celanova	[Francisco Gómez]	Castelán	291
1547	ACO 6004	Prior maior de Celanova	Francisco Gómez	Castelán	292

24 Trátase dun documento redactado polo notario Afonso Trigo tirado do rexistro de Juan Morales.

25 No mesmo pergamiño está incluída unha confirmación de 1513 en castelán outorgada prior Pedro de Hormilla, da man do rogatario Diego de Traspensas, e outra do prior Juan de Valpuesta autorizada por Lorenzo Álvarez.



## Anexo 2

### Edición de documentos

A transcripción dos documentos seguiu as seguintes orientacións: preserva a variación gráfica presente nos manuscritos; resolve as abreviaturas en cursiva; actualiza no referente a unión e separación de palabras, uso de maiúsculas e minúsculas e a puntuación; usa a acentuación só con valor diacrítico; respecta e marca, en canto á disposición do texto, a mudanzas de liña. Colocamos entre parénteses segmentos que consideramos innecesarios e os corchetes nas palabras en falta por esquecemento do escribán. O apóstrofo é empregado nos casos de contraccións que actualmente non se rexistran na escrita. No final de cada un dos textos indicamos a forma do manuscrito nos casos de formas con trazo expletivo, entreliañados e fenómenos relacionados coa braquigrafía (abreviaturas innecesarias e desaxustes entre abreviatura e resolución).

No segundo dos documentos deixamos de indicar os numerosos trazos expletivos que se rexistran no manuscrito. Téñase en conta que, neste sentido, formas como *camjño* (l. 16) ou *vjño* (l. 22) poderían ser transcritas cunha grafía de referencia palatal, ou interpretar en *nj* (l. 21) a existencia dunha nasal implosiva; a transcripción ten en conta a orientación tendencialmente castelá da escrita utilizada polo redactor do texto.

#### 2.1.

1500, setembro, 21 / 24. Ourense / Igrexa de Ourense.

*O prior do mosteiro de Santa Comba de Naves, Ares de Santa María, nomea como seu procurador ao escudeiro Xoán de Ortega, veciño de Ourense.*

*Xoán de Ortega, procurador do prior Ares de Santa María, testemuña que o prior andava fogido e fóra do dito seu mosteyro de Santa Coonba, receando que o prendan ou o fagan renunciar ao seu cenobio desde San Benito de Valladolid, e manifesta que defenderá os seus dereitos en relación co mosteiro de Santa Comba de Naves.*

Arquivo da Catedral de Ourense, Notas de Xoán de Ramuín XIII, 27r.

*/<sup>1</sup> Poder de frey Ares de Santa Maria dado a Johan /<sup>2</sup> d'Ortega.*

*/<sup>3</sup> Ano de quinentos, vynte e vn dias do mes de setembre. Enna çibdad /<sup>4</sup> d'Ourense, dentro das casas de morada de Afonso da Veiga, clerigo, o dito frey Ares /<sup>5</sup> de Santa Maria, prior do mosteyro de Santa Coonba de Naves de la ordñe de Sant Benito /<sup>6</sup> de la diocese d'Ourense, o dito frey Ares, prior, dou e outorgou todo seu poder /<sup>7</sup> conprido, atan grande poder como el ho tyña, outro tal dou e outorgou a Johan /<sup>8</sup> d'Ortega, escudeiro vesião da çibdad d'Ourense, que era ausente, como se el /<sup>9</sup> fose presente, vn poder de sustytuyr outro ou outros procuradores en seu /<sup>10</sup> lugar e porlo dito prior, para todas suas cabsas motas e mo/<sup>11</sup>vendas e para todos seus negoçios e pleitos, asy movidos /<sup>12</sup> como por mover, e contra todaslas personas que os contra el quisieren /<sup>13</sup> aver e mover. E prometeo de aver e dar por grato, rato<sup>26</sup> e estable /<sup>14</sup> todo quanto porlo dito Johan d'Ortega fose feyto, procurado, dito e trabtado, /<sup>15</sup> e por seus sustitutos, su obrigaçion de todos seus bñes ecclesiasticos /<sup>16</sup> e seglares.*

*Testigos: Alvaro de Barros e Pero Rodrigues, criados de Pero de /<sup>17</sup> Castro, alcalde de Melgaço, e Gonçaluo dos Santos, vesião d'Ourense.*


*/<sup>18</sup> Et despoys desto, en vynte e quatro djas do dito mes e ano /<sup>19</sup> susoditos, dentro da jgleia d'Ourense (d'Ourense), o dito Johan d'Ortega, procurador /<sup>20</sup> susodito, diso que por quanto o dito prior, [por] sua parte, andava fogido /<sup>21</sup> e fóra do dito seu mosteyro de Santa Coonba e non ousaua parescer nen /<sup>22</sup> estar en el, e lle tynan tomado e roubado o dito seu mosteyro e /<sup>23</sup> rentas del os viguyños de San(ta) Benito del Balladolid e andauan /<sup>24</sup> porlo prender, e non sabia se o prenderian ou lle farian rrenunçiar /<sup>25</sup> o dereyto do dito seu mosteyro.*

26 O R inicial está escrito sobre *gra*.

Et o dito prior podia, con medo corporal, faser algun /<sup>26</sup> mal rrecabdo, que el non consentya en cousa que el fezeze, e que protestaua /<sup>27</sup> sua justica e dereyto ficar a saluo et lo reclamaua.

Testigos: Garçia de Deça, /<sup>28</sup> Loys Caranca, canonigo, e Garçia de Lamela, clerigo de San(ta)tiago da Rrauenda, /<sup>29</sup> e Afonso de Saa, vesíños d'Ourense, e outros.

1. Ares]Arēs; 3. Ano]Año, mes]mēs, setembre]setēbre; 4. Ares]Arēs; 6. Ares]Arēs; 7. como]coño; 8. como]coño; 12. como]coño; personas]personas; 16. criados]criados; 18. mes]mēs, ano]año; 25. algun]algº; 28. Loys]Lōys.



## 2.2.

1532, xaneiro, 12. Mosteiro de Santa Comba de Naves.

*O abade frei Juan de Peñalver, o vigario de Santa Comba de Naves e os monxes do mosteiro de Celanova aforan a Eufemia López, veciña de Ourense, e a seis voces as viñas do Cancelo, con unha casa e o seu eixido, e mais a viña que se chama O Chao.*

Archivo de la Real Cancillería de Valladolid, Pergaminos, carpeta 100, nº 2<sup>27</sup>.

*/<sup>1</sup> Jn Dey nomjne, amen. Sepan quantos esta carta de aforamento vieren como nós, don frey Juan /<sup>2</sup> de Peñalver, abad del monesterio de San Saluador de Çelenova, con sus anexos de San Pero de Rocas /<sup>3</sup> e Santa Conba de Nabes, e frey Mançio de Palaçios, vicario del dicho monesterio de Santa Conba, e frey Marcos /<sup>4</sup> de San Fibio e frey Johan de Najara, pipordo, e frey Françisco Fernandes, monjes del dicho monesterio de Çelenova, estando /<sup>5</sup> juntos en nuestro cabildo segund que lo avemos de vso e costumbre e por son de canpana tangida e aviendo /<sup>6</sup> sobre ello nuestro acordo deliberado e contratados, e veyendo e considerando como es vtile e provecho al /<sup>7</sup> dicho monesterio de Santa Conva de Nabes, otorgamos e conosçemos que aforamos a vós, Ofemea Lopes, /<sup>8</sup> vezina de la çibdad de Orense, en vosa vida e a seis voces despues del postromero de vós, ansi que vós non /<sup>9</sup> breys la primera voz e la primera nonbre la segunda e la segunda nonbre la terçera e ansi vayan nonbradas /<sup>10</sup> por horden seçesiuamente vna enpus de otra fasta seren conplidas e acabadas, e non las nonbran /<sup>11</sup> do, que sea voz aquel o aquella que de derecho heredar los otros vuestros bienes, con condiçion que todavia que sean /<sup>12</sup> obligadas las dichas voces cada vna por su horden, quando alguna d'ellas se falesçiere, que dentro de treynta /<sup>13</sup> dias primeros syguientes sean obligados a venjr nonbrar voz al dicho monesterio, so pena que sy non lo fizieredes, /<sup>14</sup> pierda el dicho foro e nós, el dicho abad e monjes e vicario, lo podamos tomar e fazer d'ello lo que qujseremos. /<sup>15</sup> Es a saber que vos aforamos las nuestras vjñas del Cançelo, que seran treynta cabaduras de vjna que parten con el /<sup>16</sup> camjno que vay para Mjnforte e con vjña de Ares de Santa Maria e con el monte del obispo de Orense, con su casa que está /<sup>17</sup> junto de otra casa e eyxido cabo dela, e más otra vjña que seran diez cabaduras de viña que se llama El Llano, que fue de Aluaro Gomes, /<sup>18</sup> vezino de Canedo, que parte con vjña de Ares de Santa Maria e con vjña de Alonso Rrojas, e con todas sus entradas e saljdas, /<sup>19</sup> a condiçion que las labredes e rreparedes, chantedes e entrechantedes e esterquedes e fagays todos los otros labores /<sup>20</sup> que a las dichas vjñas fueren menester, e corregeredes la dicha casa de pedra e colmo e madera e de todo lo que oviere /<sup>21</sup> menester. E daredes e pagaredes de foro e a cada vn año de rrenta sisa, no enbargante granda nj jeada nj otro caso /<sup>22</sup> fortituto (sic), tres moyos de vjno blanco, honze cuartas por moyo, e a vica do lagar. E pagaredes por la dicha casa /<sup>23</sup> e eyxido en cada año diez marauedis viejos, diez djneros por marauedi, por dia de San Martjno e seredes servientes a la dicha /<sup>24</sup> casa e monesterio con el dicho foro. E más verneys a las fiestas acostunbradas al dicho monesterio de Santa Conva a fazer /<sup>25</sup> e conplir como los otros vasallos del dicho monesterio e poner la candela acostunbrada. E nós, el dicho abad e monjes /<sup>26</sup> e convento, obligamos los bienes del dicho monesterio de vos lo fazer sano e de paz e de os defender con ello a derecho, /<sup>27</sup> e non yremos nj pasaremos contra este dicho foro aora nj en algund tiempo, por quanto sabemos e avemos /<sup>28</sup> visto por vista de ojos e visitaçion de algunos de nosotros qu'es vtil e prouecho del dicho monesterio. E luego Johan Gomez, /<sup>29</sup> que estaua presente, yerno de la dicha Ofemea Lopes, por ella e en su nonbre, asy lo rescibio e se obliga por ella /<sup>30</sup> e en su nonbre de pagar el dicho foro de los dichos tres moyos de vjno branco, cada moyo honze quartas por moyo, /<sup>31</sup> e más de pagar por la dicha casa e eyxido los dichos diez marauedis viejos cada año e demás de conplir e aguardar /<sup>32</sup> las condiçiones deste dicho foro, segund e de la manera que en él se contiene. E las dichas partes, que presentes estauan, otor /<sup>33</sup> garon este dicho foro segund e de la manera que dicha es, forte e firme, e que valga durante el dicho tiempo e voces. Ante mj, Rodrigo /<sup>34</sup> de Meson Frio, escriuano de su magestad, (e) el dicho abad la firmó de su nonbre en el rregistro desta carta por sí e por los /<sup>35</sup> sobredichos monjes, e por el dicho Juan Gomes lo firmó Françisco Vasques e en presençia de los testigos*


27 No portal PARES (<https://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/description/540950?nm>) está dispoñible tanto información de arquivo sobre o documento como a dixitalización do pergamiño.

de yuso escritos. *Que* fue fecho /<sup>36</sup> e otorgado dentro del dicho monesterio de Santa Conva de Nabes a doze dias del mes de janero, año del nasçimjento de Nuestro Señor Ihesu/<sup>37</sup>*cristo* de mjle e qujmentos e treynta e dos anos, estando a ello presentes por testigos el dicho Françisco Vasques, *que* firmó /<sup>38</sup> por el dicho Juan Gomes, e Gregorio do Souto e Gomes de Bobeda. Frater Johanes, abbas Çelenove; Françisco Vasques. /<sup>39</sup> E yo, el dicho Rodrigo de Meson Frio, *escrijuano* de su magestad e su *escrijuano* e notario publico en la su corte e en todos los /<sup>40</sup> sus reynos e señorios, a esto *que* dicho es, en vno con los dichos *testigos*, presente fúe e aquj bien e fielmente /<sup>41</sup> *escriuj* por mj propia mano segund *que* ante mj pasó. E doy fe *que* conosco las dichas *partes* e *que* son las mjsmas otorgantes /<sup>42</sup> e *que* queda firmado del dicho abad e Françisco Vasques, *que* lo firmaron de sus nonbres en el registro desta carta. E por ende aquj /<sup>43</sup> puse mj nonbre e sygno acostunbrados en testimonjo de verdad, *que* tal es. /<sup>44</sup> Va escrito entre reglones do dize "manera".

!Sinall Rodrigo de Meson / Frio, notario.

1. monesterio] momº; 17. dela] *entreliañado*; 24. monesterio] momº; 28. monesterio] momº; 33. mane-  
ra] *entreliañado*; 36. monesterio] momº; 36-37. Ihesucristo] iħuxp̄o.





España. Ministerio de Cultura. Archivo de la Real Chancillería de Valladolid, <https://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/description/540950?nm>.



<https://revistas.udc.es/index.php/rgf>

## Edita

Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña,  
co patrocinio de ILLA (Grupo de Investigación Lingüística  
e Literaria Galega)

### Dirección

Teresa López, Universidade da Coruña (España)  
Xosé Manuel Sánchez Rei, Universidade da Coruña (España)

### Secretaría

Diego Rivadulla Costa, Universidade da Coruña (España)

### Consello de Redacción

Ana Bela Simões de Almeida, University of Liverpool (Reino Unido)  
Pere Comellas Casanova, Universitat de Barcelona (España)  
Iolanda Galanes, Universidade de Vigo (España)  
Leticia Eirín García, Universidade da Coruña (España)  
Carlinda Fragale Pate Núñez, Universidade Estadual do Rio de Janeiro (Brasil)  
Xavier Varela Barreiro, Universidade de Santiago de Compostela (España)  
Xaquín Núñez Sabarís, Universidade do Minho (Portugal)

### Comité asesor

Ana Acuña, Universidade de Vigo (España)  
Olga Castro, University of Warwick (Reino Unido)  
Regina Dalcastagnè, Universidade de Brasília (Brasil)  
Manuel Fernández Ferreiro, Universidade da Coruña (España)  
Roberto Francavilla, Università degli studi di Genova (Italia)  
Ana Garrido, Uniwersytet Warszawski (Polonia)  
José Luiz Fiorin, Universidade de São Paulo (Brasil)  
Xoán Luís López Viñas, Universidade da Coruña (España)  
Xoán Carlos Lagares, Universidade Federal Fluminense de Niterói (Brasil)  
Sandra Pérez López, Universidade de Brasília (Brasil)  
Maria Olinda Rodrigues Santana, Universidade de Trás-Os-Montes  
e Alto Douro (Portugal)

### Comité científico

Silvia Bermúdez, University of California, Santa Barbara (Estados Unidos)  
Evanildo Bechara, Universidade Federal do Rio de Janeiro (Brasil)  
Ángela Correia, Universidade de Lisboa (Portugal)  
Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Universidade da Coruña (España)  
Manuel Ferreiro, Universidade da Coruña (España)  
Maria Filipowicz, Uniwersytet Jagiellonski (Polonia)  
Xosé Ramón Freixeiro Mato, Universidade da Coruña (España)  
María Pilar García Negro, Universidade da Coruña (España)  
Helena González Fernández, Universidade de Barcelona (España)  
Xavier Gómez Guinovart, Universidade de Vigo (España)  
Pär Larson, CNR - Opera del Vocabolario Italiano, Florencia (Italia)  
Ana Maria Martins, Universidade de Lisboa (Portugal)  
Kathleen March, University of Maine (Estados Unidos)  
Mária Aldina Marques, Universidade do Minho (Portugal)  
Inocência Mata, Universidade de Lisboa (Portugal)  
Juan Carlos Moreno Cabrera, Universidad Autónoma de Madrid (España)  
Andrés Pociña, Universidade de Granada (España)  
Eunice Ribeiro, Universidade do Minho (Portugal)  
José Luís Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela (España)  
Marta Segarra, CNRS (Francia) / Universitat de Barcelona (España)  
Sebastià Serrano, Universitat de Barcelona (España)  
Ataliba T. de Castilho, Universidade de São Paulo (Brasil)  
Telmo Verdelho, Universidade de Aveiro (Portugal)  
Mário Vilela, Universidade do Porto (Portugal)  
Roger Wright, University of Liverpool (Reino Unido)

### Cadro de honra

Álvaro Porto Dapena (1940-2018), Universidade da Coruña (España)  
José Luis Pensado (1924-2000), Universidade de Salamanca (España)  
Rafael Lluís Ninyoles (1943-2019), Conselleria de Educació i Ciència,  
Generalitat Valenciana (España)



Depósito legal/ C584/2000  
ISSN/ 1576-2661  
ISSN-e 2444-9121  
Deseño/ Novagarda